

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 23 DE DECEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultura (BIC) o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se regula o rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se ordena á Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a valoración realizada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria de Novacaixagalicia (NCG).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se convoca a axuda ás persoas inquilinas, en réxime de concorrencia non competitiva, das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga, no exercicio 2012, por importe de sete millóns setecentos vinte e tres mil euros (7.723.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), o Instituto Galego de Consumo (IGC), a Federación Galega de Municipios e Provincias, a Federación de Promotores de Edificación e Solo de Galicia e as entidades financeiras Novagalicia Banco e Caixa Rural, para a constitución dunha bolsa de vivendas de prezo taxado en Galicia, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Sociedade Estatal Augas da Bacía do Norte, S.A., e o Concello de Ourense para a execución da explotación das obras de mellora do saneamento de Ourense: EDAR de Ourense por importe de sesenta e sete millóns trescentos noventa mil seiscentos setenta e sete euros e trinta e un céntimos (67.390.677,31 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade da Coruña, para a investigación e realización de probas de control de calidade dos hidrocarburos en Galicia, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Narón, para a xestión do servizo de comedor escolar nos catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cincuenta mil euros (50.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol, para a xestión do servizo de comedor escolar nos catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta e cinco mil euros (65.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugardos, para a xestión do servizo de comedor escolar nos catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cinco mil euros (5.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños, para a xestión do servizo de comedor escolar nos catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de dezaoit mil cento sete euros con dez céntimos de euro (18.107,10 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños, para a execución do programa de integración familiar, cunha contía total de trescentos oitenta mil euros (380.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Valga para a construción/ampliación dunha escola infantil 0-3, por un importe de trescentos cincuenta e sete mil novecentos oitenta e tres euros con noventa e dous céntimos (357.983,92 euros)

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o novo concerto cos colexios oficiais de farmacéuticos para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de caza de Galicia.

A XUNTA DE GALICIA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CONXUNTO DA OBRA DE ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

- *O Consello da Xunta declarou ben de interese cultural inmaterial o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886-Bos Aires 1950) pola súa significación para a cultura e a identidade de Galicia. Esta declaración BIC implica a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao, así como o fomento da súa pegada entre as xeracións futuras*
- *Ao longo da súa vida, Castelao traballou con empeño a favor dos dereitos dos galegos e do recoñecemento da realidade diferencial de Galicia e a súa autonomía política. O galeguismo abrangue a totalidade do seu pensamento, o seu traballo e a súa vida. Deste xeito, toda a súa obra, nas súas múltiples vertentes de debuxante, literato, ensaísta e político, está profundamente marcada polo amor á súa terra e o compromiso con Galicia*
- *A Xunta de Galicia incoou o expediente para a declaración de ben de interese cultural inmaterial en favor do conxunto da obra Castelao o 28 de xuño de 2011. Esta declaración contou na súa tramitación cos informes favorables da Real Academia Galega de Belas Artes, do Consello da Cultura Galega, da Facultade de Xeografía e Historia da USC e da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña*

O Consello da Xunta declarou ben de interese cultural inmaterial o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886-Bos Aires 1950). A Consellería de Cultura e Turismo enmarca esta actuación no seu labor de protexer, conservar e difundir o legado que constitúe o patrimonio cultural de Galicia e transmitilo ao futuro. Este patrimonio constitúeno todo os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, son considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Deste xeito, con esta actuación recoñécese a obra de Castelao como un dos bens mais sobranceiros do noso patrimonio cultural. Esta é a primeira declaración de BIC inmaterial de Galicia e a primeira declaración de ben de interese cultural relativa ao conxunto da obra dun autor.

A declaración BIC da totalidade da obra de Castelao prodúcese no ano no que se celebra o 125 aniversario do seu nacemento. A decisión da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural vén motivada polo feito de que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao é un dos expoñentes máximos da nosa cultura e figura imprescindible para comprender a historia recente de Galicia e a súa realidade actual. Ao longo da súa vida, Castelao traballou con empeño a favor dos dereitos dos galegos e do recoñecemento da realidade diferencial de Galicia e a súa autonomía política. O galeguismo abrangue a totalidade do seu pensamento, o seu traballo e a súa vida. Deste xeito, toda a súa obra, nas súas múltiples vertentes de debuxante, literato, ensaísta e político, está profundamente marcada polo amor á súa terra e o compromiso con Galicia.

Castelao nunca dissociou arte de compromiso, ética e estética, a obra artística en canto vehículo de concienciación e afirmación da identidade dun pobo. De feito, a súa achega ás letras, ás artes e á política é determinante para a recuperación da lingua e cultura galega e a formación dunha conciencia de Galicia como nación, intimamente ligadas á defensa das liberdades democráticas. A súa decisión de non separar a súa arte do servizo a unhas ideas levouno á utilización das técnicas e estilos máis axeitados para este fin, pero sen renunciar á contemporaneidade estética vangardista. Por todo isto, o conxunto da obra de Castelao identifícase como símbolo de Galicia e, polos seus valores e calidade, a súa produción creativa posúe un significado que trascende as nosas fronteiras e o seu legado ocupa un lugar destacado na historia da arte contemporánea europea.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, por Resolución do 28 de xuño de 2011, incoou o expediente para a declaración de ben de interese cultural inmaterial en favor do conxunto da obra Castelao, sobre a base do seu valor simbólico e o interese do conxunto da obra en canto vehículo de concienciación e afirmación da identidade diferencial do pobo galego. Ao día seguinte da publicación da devandita resolución no *Diario Oficial de Galicia* (DOG nº 136, do 15 de xullo) abriuse o trámite de información pública durante o cal se reciben dúas alegacións, ás cales se dá resposta razoada. Con posterioridade á resolución solicítase a tres órganos consultivos e a un dos asesores en materia de patrimonio cultural previstos na lexislación vixente o seu parecer sobre tal declaración. Tanto os informes da Real Academia Galega de Belas Artes, do Consello da Cultura Galega e da Facultade de Xeografía e Historia (Departamento de Historia Contemporánea e América) da Universidade de Santiago de Compostela, como o emitido pola Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña, son favorables a que a obra de Castelao sexa declarada ben de interese cultural segundo a proposta do acordo de incoación do procedemento.

Deste xeito, esta declaración BIC implica a conservación, difusión e investigación do conxunto da obra de Castelao, sen prexuízo do exercicio dos dereitos de propiedade intelectual polos seus lexítimos titulares, así como o fomento da súa pegada entre as xeracións futuras. Así mesmo, ordénase a inscrición do ben no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, coa descrición dos fitos principais da súa obra escrita e plástica que constan no anexo da devandita resolución de incoación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28 de xuño de 2011 e a relación da bibliografía que figura no expediente.

Obra literaria e plástica

A primeira obra narrativa publicada foi *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), na que Castelao bota man da sátira social e política. A súa segunda obra, *Cousas* (1926), componse de breves relatos a través dos que busca a plena expresividade para representar a alma galega que hai en cada personaxe.

Retrincos, en boa medida extensión da fórmula de *Cousas*, está formada por cinco contos presentados como autobiográficos. Resultado da reelaboración de escritos ao longo de 25 anos, esta obra supón unha combinación equilibrada entre brevidade, sinxeleza e alto grao de elaboración.

Os dous de sempre (1934) é a única novela de Castelao. Nela narra a historia de dous homes, convertidos en verdadeiros arquetipos do comportamento humano universal, deseñados por Castelao con claridade, elegancia e humor. A súa única obra de teatro é *Os vellos non deben namorarse* (1941). Con ela, Castelao incorpora tendencias renovadoras do teatro europeo das vangardas a unha obra que non abandona a súa raíz galega. En 1944, Castelao escribe *Sempre en Galiza*, un libro que está considerado como a obra por excelencia do nacionalismo galego. Outras dúas obras salientables son *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950), que son estudos históricos e descritivos deses elementos singulares.

Para rematar esta breve relación da súa obra literaria, hai que mencionar o libro *Diario*, que aínda que publicado en 1977, foi escrito por Castelao en 1921. Nel recolle as impresións da viaxe de estudos por Europa que fixo nese tempo e que lle deu a oportunidade de coñecer de preto as novas tendencias artísticas.

En canto á obra plástica, Castelao foi un artista autodidacta, cunha capacidade natural para o trazo gráfico e para a síntese dunha imaxe real. No eido artístico, plasma todo un mundo de expresividade a través de técnicas e materiais moi variados como augada, tinta, carbón, lapis, óleo, pastel ou témpera. Domina, ademais, as distintas técnicas do gravado utilizando como soporte o papel, cartón e cartolina, pero destaca a súa preferencia polo debuxo rápido, apunte inmediato e de pequeno formato. Na obra gráfica de Castelao apréciase unha constante evolución na concepción da imaxe: parte dun comezo naturalista e costumista decimonónico, pero incorpora paulatinamente a composición e as percepcións espaciais do deseño moderno do seu tempo, influído pola fotografía e a estampa xaponesa e polas novidades formais do cartelismo.

Dentro da súa faceta plástica, cabe diferenciar tres etapas. A primeira, desde 1908 ata 1916; a segunda, desde 1916 ata 1936, e a derradeira, iniciada co estalido da Guerra Civil e definida pola posterior etapa franquista. Desa última época son as súas creacións artísticas de máis interese desde o punto de vista da consideración do autor como figura internacional. Gran parte da obra plástica de Castelao atópase dispersa en coleccións de diferentes entidades, museos e fundacións. Unha parte importante está en Galicia, pero tamén hai numerosas obras en arquivos, museos e coleccións de persoas e entidades do resto de España, en Europa e América.

Documentación e localización da obra

Froito dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Castelao, asinado no ano 2008, elaborouse un catálogo de toda a obra artística de Castelao que se recolle nunha base de datos dixital con máis de tres mil rexistros.

A bibliografía de Castelao e o conxunto da súa obra nas súas diferentes facetas é moi ampla e vaise ampliando ano a ano, sendo o interese que suscita de moi distintas procedencias xeográficas e temporais. En Galicia, é doado contemplar directamente moitas das obras orixinais de Castelao, xa que se conservan en numerosas institucións e son accesibles a investigadores e ao público en xeral.

Por exemplo, o Museo de Pontevedra, que contou con Castelao en 1929 como vogal do seu padroado principal, conserva un importante conxunto de obras e materiais (máis de 1.600) entre as que se atopan todas as estampas orixinais dos seus tres albums de guerra (*Galiza Mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*), así como o manuscrito de *Sempre en Galiza*, a serie de *Debuxos de negros*, todos os materiais da obra *As cruces de pedra na Galiza*, 100 debuxos realizados para ilustrar *As cruces de pedra na Bretaña* e a segunda e definitiva versión manuscrita de *Os vellos non deben de namorarse*.

Pola súa banda, no Museo Provincial de Lugo atópanse 27 debuxos e gravados, unha augada, una litografía e dous óleos de Castelao, en parte doados por Álvaro Gil Varela en 1965. En Vigo, no Museo Quiñones de León, hai unha colección de 110 debuxos, e en Sada, o Museo de Carlos Maside conserva 65 debuxos e augadas. O Museo de Belas Artes da Coruña posúe 3 debuxos a tinta e un *gouache*, mentres que o Museo do Pobo Galego de Santiago conta con 129 debuxos e gravados de Castelao.

Unha parte da obra de Castelao é conservada por institucións como Novacaixagalicia, que conta on 72 murais e 176 debuxos de *Cousas da Vida*. Por outra parte, a Universidade de Santiago de Compostela custodia 79 debuxos; a Fundación Penzol, 52; a Fundación Vicente Risco, 36 debuxos e gravados; o BBVA ten 25 debuxos, e a Biblioteca Nacional de España conserva 62 debuxos. No Centro Superior Bibliográfico de Galicia (hoxe Biblioteca de Galicia) gárdanse 18 debuxos de Castelao, outros 17 no Instituto de Estudos Galegos do Padre Sarmiento, e a Real Academia Galega conserva outros 15, aos que hai que sumar 2 gravados.

O NOVO DECRETO DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS OUTORGA MÁIS ESPECIALIZACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN AOS INSPECTORES

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da normativa que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais de Galicia, que entrará en vigor a principios de 2012***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar convoca por primeira vez en Galicia cursos de capacitación que garantirán a especialización e a profesionalización do persoal que desempeña as labores de inspector***
- ***Garántese a actualización do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, a ferramenta informática que permite á cidadanía consultar os servizos sociais que existen en Galicia***

A Consellería de Traballo e Benestar modificou o Decreto que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección de servizos sociais de Galicia, que como novidade principal outorga máis especialización aos inspectores do eido social. O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova normativa que entrará en vigor a principios de 2012 (unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia*).

Así, e por primeira vez en Galicia, poranse en marcha cursos de capacitación para o desempeño das funcións deste persoal, co obxectivo de garantir unha formación mínima imprescindible en materia de inspección, de servizos sociais, de calidade e de procedemento sancionador. Ademais de cumprir con este requisito, valorarase, como ata o de agora, que estes traballadores e traballadoras conten con titulación universitaria nas áreas xurídica ou social. Desta forma, o Goberno galego reforza os principios en que se basea a función inspectora garantindo a especialización e a profesionalización do persoal que desenvolve estes labores.

Os novos cursos de capacitación, que xa se realizaron este ano por primeira vez, regúlanse na disposición adicional terceira do decreto, no artigo 41. Estas accións formativas deberán convocarse como mínimo cada 5 anos. Entre setembro e decembro deste ano, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), convocou o primeiro dos cursos no cal se formaron 20 participantes. Por mor da alta demanda de solicitudes, a Consellería de Traballo e Benestar decidiu facer unha nova convocatoria en 2012, na que se duplicará o número de prazas.

Cada actuación de capacitación deberá contar cunha duración mínima de 120 horas e a súa impartición poderase realizar con carácter mixto, de forma presencial e mediante a modalidade de teleformación.

O contido mínimo do curso deberá ter 12 módulos de formación, divididos nas seguintes áreas temáticas: antecedentes e evolución dos servizos sociais; normativa técnica relacionada co rexistro e autorizacións dos servizos; funcións e procedementos da inspección: protección de dereitos e regulamento sancionador; servizos comunitarios; inclusión e igualdade; menores; infancia e familia; maiores e discapacidade; o sistema de atención á dependencia; a acreditación dos servizos e a xestión dos centros e programas; e, por último, outras habilidades do persoal inspector.

Avaliado cada un destes módulos, os participantes deberán superar de xeito obrigatorio unha proba final de carácter presencial.

En definitiva, a existencia deste curso de capacitación ten como obxectivo principal garantir a especialización e os coñecementos básicos mínimos para o exercicio da función inspectora, o que en ningún caso implicará a cobertura destas prazas sen ter en conta os criterios de mérito e capacidade que rexen para a provisión dos postos na función pública.

Así mesmo, o decreto aprobado hoxe simplifica a normativa vixente, refundindo nunha única norma a regulación contida en varias disposicións regulamentarias. A norma estrutúrase, desta forma, en 5 capítulos, 4 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 1 disposición derradeira única.

Melloras no Rexistro

O Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais- a ferramenta informática que permite aos cidadáns consultar os servizos sociais que existen en Galicia e facilita ás entidades inscritas a súa actualización en tempo real por vía telemática- tamén inclúe modificacións.

Así, co novo decreto garántese a actualización periódica do Rexistro mediante a cancelación de oficio das inscricións das entidades que non acrediten o mantemento das súas actividades.

Ademais, régúlase por primeira vez o procedemento para a comunicación nesta ferramenta do cambio de titularidade e da entidade xestora dos centros e programas autorizados. Tamén se solicita como novidade para a clasificación das entidades de iniciativa social a acreditación do cumprimento de determinadas condicións referidas ao seu funcionamento e regras para a súa disolución ou liquidación.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDOU PRESENTAR UN RECURSO CONTRA A VALORACIÓN REALIZADA POLO FROB DE NOVACAIXAGALICIA

- ***O FROB valorou NCG en só 181 millóns de euros***
- ***Un informe xurídico constata que esta baixa valoración afecta á estabilidade e á función social da caixa***

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe presentar un recurso contencioso-administrativo contra a valoración realizada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) de Novacaixagalicia (NCG) porque considera que esta podería ter sido realizada sen atender aos procedementos e principios legalmente previstos e porque terá efectos negativos sobre a súa obra social.

Este documento conclúe que a comunidade está lexitimada a presentar este recurso por canto a valoración realizada, de tan só 181 millóns de euros, afecta á estabilidade e á función social da caixa.

O Goberno galego entende que á hora de facer esta valoración non se atendeu a situación real da entidade, como se pon de manifesto tanto polo seu valor patrimonial como polas operacións de valoración realizadas no mercado nas mesmas datas.

Ademais, o informe sinal que o FROB desatendeu o procedemento establecido no Real Decreto Ley 9/2009, segundo o cal se debería ter en conta as operacións de saneamento de carácter extraordinario acometidas pola entidade..

Outro dos argumentos que se citan é que as actuacións do FROB contraveñen a normativa procedimental e os dereitos de NCG, por canto a valoración se realizou se trasladar á entidade os informes empregados, sen darlle a posibilidade de presentar alegacións e sen coñecer a entidade ningunha vía de recursos ou reclamación.

A XUNTA DESTINARÁ NOS DOUS PRÓXIMOS ANOS MÁIS DE 11,53 MILLÓNS DE EUROS AO PROGRAMA ALUGA, QUE FACILITARÁN O ACCESO Á VIVENDA A MÁIS DE 3.000 FAMILIAS

- *O Consello da Xunta aprobou o gasto plurianual do programa para 2012 e 2013, que acadará 7.723.000 euros. A esta contía hai que sumar outros case 4 millóns de euros correspondentes aos contratos de aluguer asinados en 2011 e que teñen anualidade en 2012*
- *A subvención sitúase entre o 30 e o 70 por cento do alugamento, en función das condicións económicas da familia*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo destinará nos próximos dous anos un total de 11.531.512 euros a axudas ás familias beneficiarias de vivendas en réxime de alugamento a través do programa Aluga. O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os compromisos de gasto plurianuais para 2012 e 2013, dado que as axudas do programa Aluga se conceden para períodos de doce meses, de maneira que a maior parte dos contratos asinados en 2012 terán tamén anualidades en 2013.

O compromiso de gasto aprobado hoxe ascende a 7,72 millóns de euros. A esta contía hai que sumar outros 3.808.512 euros incluídos no orzamento do IGVS, correspondentes aos contratos de aluguer asinados en 2011 e que teñen anualidade en 2012. Deste xeito, a contía total ascende a 11.531.512 euros.

As axudas están dirixidas aos inquilinos para o financiamento parcial da renda, nunha porcentaxe que vai desde un 30% ata un 70%, segundo o tramo de ingresos. A axuda incrementase en 10 puntos porcentuais cando se trate de vítimas de violencia de xénero. O número estimado de beneficiarios cífrase en máis de 3.000.

O Programa Aluga, que entrou en vigor a comezos de agosto de 2010, está dirixido ao fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia. A través del poden acceder ás axudas para o aluguer todos os interesados con ingresos inferiores a 3,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (Iprem), inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e residentes en Galicia ou que desenvolvan o seu traballo na nosa comunidade autónoma.

Condicións dos beneficiarios

Para acceder aos beneficios do Programa Aluga os solicitantes deberán cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o Iprem. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o Iprem) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados, que se definen máis adiante

- Estar inscritos ou anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (Sección 4ª, Demandantes de vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa Aluga)
- Non ser titulares de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou desfrute sobre algunha vivenda
- Estar ao día na súas obrigas tributarias
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Non estar recibindo axudas para o aluguer da Xunta de Galicia. Non poderán acceder ás axudas do Programa Aluga os que xa recibiron axudas para o aluguer durante cinco anos, excepto cando xa transcorresen dous anos desde a última mensualidade subvencionada

No proceso de selección de inquilinos para as vivendas incorporadas ao Programa Aluga terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem e, dentro dese rango de ingresos, os colectivos definidos como prioritarios e os cualificados, que son os seguintes:

Os **colectivos prioritarios**, dentro dos distintos tramos de ingresos, son os seguintes:

- Menores de 35 anos e maiores de 65.
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillos.
- Persoas separadas ou divorciadas, ao día no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, se é o caso.
- Os considerados “colectivos cualificados” que se definen a continuación.

Os **colectivos cualificados** son as unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a 0,7 veces o Iprem que pertencen a algún dos seguintes grupos:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.

- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.
- Perceptores da renda de integración social (Risga).
- Perceptores de pensións.

Axudas a inquilinos

A porcentaxe de subvención ao aluguer vai desde un 30% ata un 70%, mentres que no antigo programa de vivenda ao aluguer a subvención máxima era do 60%.

A contía da axuda fíxase en atención a porcentaxes máximas sobre a renda mensual do aluguer, segundo tramos de ingresos e colectivos:

TRAMOS	COLECTIVOS XERAIS
Ata 1 Iprem	70%
Desde 1 ata 2 Iprem	60%
Desde 2 ata 2,5 Iprem	50%
Desde 2,5 ata 3,5 Iprem	30%

No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero a subvención increméntase en 10 puntos porcentuais, de maneira que irán do 40 ao 80 por cento.

A axuda concédese por un período de doce meses e poderá solicitarse ata un máximo de cinco anualidades.

A BOLSA DE VIVENDAS A PREZO TAXADO COMEZARÁ A FUNCIONAR EN XANEIRO CO OBXECTIVO DE FACILITAR O ACCESO Á VIVENDA LIBRE E A DINAMIZACIÓN DO MERCADO INMOBILIARIO

- *Os adquirentes non terán que pagar os gastos de notaría e rexistro e poderán beneficiarse de bonificacións no IBI*
- *O prezo máximo de venda fixarase por zonas territoriais e será similar ao das vivendas protexidas.*
- *As entidades financeiras facilitarán o acceso ao financiamento en condicións preferentes.*

A bolsa de vivendas de prezo taxado permitirá aos cidadáns galegos o acceso a vivendas libres con prezo similar ao das vivendas protexidas, con facilidades de acceso ao financiamento, coa garantía de arbitraje na resolución de posibles conflitos entre o promotor e o adquirente e con rebaixas no IBI naqueles concellos que se adhiran a ela, tal como establece o convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

O obxectivo da bolsa é facilitar o acceso á vivendas aos cidadáns de Galicia e a dinamización do mercado inmobiliario para dar saída ao stock existente con prezos máximos limitados, facilidades para a compra e a implicación de promotores e entidades financeiras

Vivendas

Poderán incluírse na bolsa de vivendas de prezo taxado as vivendas libres en primeira transmisión destinadas á venda ou as vivendas en segunda ou posterior transmisión que nunca fosen previamente ocupadas, cuxo prezo de venda non supere o establecido en función das zonas territoriais en que se atopen.

Os ditos prezos serán similares aos marcados polo Plan de Vivenda para as vivendas protexidas na mesma zona territorial, e estableceranse mediante resolución no momento en que entre en funcionamento a bolsa.

As vivendas poderán transmitirse en réxime de compravenda ou en aluguer con opción de compra.

Beneficios

Os adquirentes ou arrendatarios das vivendas da bolsa de vivendas de prezo taxado terán os seguintes beneficios:

- Prezos máximos similares aos das vivendas protexidas determinados polo IGVS en función de zonas territoriais.
- Non pagarán os gastos de notario e rexistro da propiedade que serán asumidos polo promotor vendedor das vivendas.

- Terán a garantía da arbitraxe do Instituto Galego de Consumo para resolver posibles controversias que poidan xurdir co promotor.
- No caso de aluguer con opción de compra, esta poderá exercerse durante os 5 primeiros anos dende a formalización do contrato de arrendamento de tal xeito que polo menos o 40% do importe da renda satisfeita durante os 3 primeiros anos e o 30% da renda satisfeita durante os outros 2 anos será descontada do prezo de venda, que será o fixado inicialmente no momento do contrato de arrendamento.
- Dentro da avaliación dos criterios de risco de cada entidade, facilidade de acceso ao financiamento con condicións preferentes tanto no tipo de interese como no prazo de amortización, comisións e contía do préstamo.
- Bonificación do 40% do IBI nos catro primeiros anos dende a compra da vivenda naqueles concellos que se incorporen ao convenio.

Compromiso do IGVS

Coa creación da bolsa, o IGVS comprométese a difundir tanto o contido do programa como as vivendas acollidas ao mesmo a través da súa páxina web ou de calquera outro medio que garanta un fácil coñecemento das vantaxes do programa polos seus potenciais usuarios.

Así mesmo, o IGVS verificará que as vivendas que se incorporan contan coa documentación técnica e administrativa, comprobará que os prezos ofertados están dentro do límite máximo fixado e colaborará co sistema arbitral, nas condicións que se establezan no convenio específico que se asinará co Instituto Galego de Consumo.

Dinamizar o sector

A Xunta de Galicia pretende con este tipo de medidas dinamizar o sector, mobilizando os milleiros de vivendas que nestes momentos non atopan comprador. Preténdese así garantir unha dobre finalidade: facilitar o acceso á vivenda aos demandantes coas debidas garantías xurídicas e, ao mesmo tempo, promover a reactivación dun sector económico fundamental.

Segundo os datos estatais, en Galicia existen no mercado máis de 32.000 vivendas que non teñen saída. A bolsa establecerá condicións atractivas ás persoas que queren acceder a un fogar e que, segundo a Xunta, teñen nese stock unha posibilidade para logralo.

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO GOBERNO CENTRAL E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA DEPURADORA DE OURENSE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 67 MILLÓNS DE EUROS

- *Ao igual que sucede co resto de actuacións hidráulicas declaradas de interese xeral do Estado, a Administración autonómica aportará o 15% do investimento, é dicir, 10 millóns de euros*
- *A nova EDAR terá capacidade para dar servizo a unha poboación de 180.000 habitantes,*
- *Con esta infraestrutura resolveranse os problemas de capacidade hidráulica da actual depuradora e realizarase un correcto tratamento das augas residuais*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Sociedade Estatal Augas das Bacías do Norte (ACUANORTE) e o Concello de Ourense asinarán un convenio para a construción da depuradora de Ourense cun investimento de 67 millóns de euros.

O Consello da Xunta celebrado hoxe autorizou a sinatura deste acordo, no que a Administración autonómica aportará o 15% do orzamento, un total de 10 millóns de euros, ao igual que sucede co resto de actuacións hidráulicas declaradas de interese xeral que o Estado leva a cabo en Galicia.

Coa construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ourense resolveranse os problemas de capacidade hidráulica da actual depuradora; evítaranse as inundacións; logranse os requirimentos ambientais de vertedura ao medio receptor; e acadarase o tratamento eficiente dos fangos que reporte economía á explotación da planta.

Do orzamento total, a Xunta de Galicia financiará a través do organismo autónomo Augas de Galicia, a cantidade de algo máis de 10 millóns de euros, en forma de subvención a ACUANORTE durante a execución das obras. Pola súa banda, o Concello de Ourense achegará outros 10 millóns de euros e o Estado un total de 47 millóns, todos eles procedentes dos Fondos FEDER.

Obxectivos

Para evitar os problemas que sofre a cidade de Ourense, o acordo presenta varias obras:

- 1.- Construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) para un caudal medio de 6.450 m³/día e con capacidade para tratar as augas residuais producidas por 180.302 habitantes.
- 2.- Demolición da EDAR existente en Reza e executar a recuperación ambiental e paisaxística da marxe esquerda do Miño onde se sitúa a EDAR actual.

3.-Conexión da nova EDAR á rede prolongando o actual colector ata o bombeo de auga bruta da nova EDAR.

Obrigas das administracións asinantes

As partes asinantes do convenio teñen que levar a cabo varias obrigas. Augas de Galicia deberá facer as achegas necesarias para dar cumprimento ao esquema financeiro establecido, mediante unha subvención outorgada a Acuanorte. O concello ourensán terá que adaptar o seu planeamento urbanístico co obxecto de adecuar as súas determinacións á instalación da infraestrutura hidráulica; pór á disposición de Acuanorte, antes do inicio das obras, os terreos e bens ocupados pola EDAR actual; e financiar os novos terreos e bens necesarios para a execución das obras; ao mesmo tempo que proceder ao pagamento das cantidades que resulten tanto da súa participación no financiamento das obras como da súa posterior explotación.

No caso de Acuanorte levará a cabo a redacción dos anteproxectos ou proxectos construtivos; a licitación e a contratación da execución das obras; actuar nos expedientes expropiatorios dos bens e dereitos, que resulten afectados; a dirección das obras; explotar a infraestrutura durante ao menos 45 anos; e, por último, realizar as achegas necesarias para dar cumprimento ao esquema financeiro establecido.

Melloras do contorno

O convenio que impulsa a Xunta de Galicia pretende a mellora do ambiente e a colaboración con entidades locais e outras administracións do Estado, ao mesmo tempo que traballa a prol da calidade de vida da cidadanía, ademais de beneficiar a economía da área metropolitana de Ourense, coa importante achega de fondos que significará a construción desta instalación hidráulica, que forma parte, do Plan de Infraestruturas Hidráulicas 2009-2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Neste momento, o deseño teórico da planta actual é só de 120.000 h-e, e está en funcionamento dende o ano 1993, pero a realidade é que a EDAR de Ourense non pode tratar todo o caudal que recibe e, ademais, conta cunha sentenza xudicial firme de demolición. Cabe lembrar que a nova obra foi declarada de interese xeral do Estado mediante a súa inclusión nos anexos do Plan Hidrolóxico Nacional de 2001.

A XUNTA E O LABORATORIO DE COMBUSTIBLES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA GARANTEN O CONTROL DE CALIDADE DOS PRODUTOS PETROLÍFEROS EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta autoriza a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun novo convenio de colaboración para seguir controlando a calidade e seguridade dos hidrocarburos***
- ***Cómpre lembrar que tal e como reflicten as actuacións de control feitas ata agora pola Xunta, en colaboración coa Universidade, os combustibles e carburantes á venda en Galicia cumpren cos estándares europeos de calidade***
- ***O Goberno galego considera fundamental o control sobre todos os produtos petrolíferos á venda na Comunidade***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun novo convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para que continúe a realizar os controis da calidade dos hidrocarburos en Galicia, xa que o Goberno da Xunta considera fundamental o garantir a calidade e a seguridade dos produtos petrolíferos á venda na comunidade.

Ao abeiro deste convenio, o Laboratorio de Combustibles da Universidade da Coruña continuará a realizar para a Consellería unha serie de análises de gasolinas, gasóleos, fuelóleos, gases licuados do petróleo (butano e propano) e gas natural, durante 2012 e 2013.

Esta iniciativa, financiada pola Consellería de Economía e Industria con 350.000 euros, permitirá á Xunta seguir a controlar, da man deste laboratorio, a calidade de todos os produtos petrolíferos á venda na comunidade autónoma nun sector moi sensible no eido do consumo.

Neste sentido, cómpre lembrar que, tal e como reflicten as actuacións de control feitas ata agora pola Xunta en colaboración coa Universidade da Coruña, os combustibles e carburantes á venda en Galicia cumpren cos estándares europeos de calidade.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria seguirá a realizar controis co obxectivo de garantir que os combustibles proporcionados aos galegos cumpren coas especificacións europeas de aplicación, de xeito que os consumidores poidan estar seguros de que os combustibles son de toda garantía.

Ademais, é preciso ter en conta que o Laboratorio de Combustibles (Labcomb) é o único laboratorio dentro da comunidade autónoma que conta coa acreditación ENAC para a realización de ensaios de produtos petrolíferos (acreditación núm. 814/LE1688), e polo

tanto conta cos recursos materiais, técnicos e humanos e coa experiencia necesaria para facer fronte aos traballos marcados.

EDUCACIÓN SUBVENCIONARÁ O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA 689 COMENSAIS DOS CONCELLOS DE FERROL, NARÓN, MUGARDOS E MUÍÑOS

▪ ***A Consellería asinará convenios de colaboración con estas entidades locais***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ferrol, Narón, Mugardos e Muíños para a subvención do servizo de comedor escolar en 14 centros educativos.

Grazas á colaboración económica da Consellería de Educación, os alumnos e alumnas de 8 comedores da cidade de Ferrol poderán seguir utilizando este servizo, malia a decisión de FEANPAS de non continuar coa súa xestión, concretamente nos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro e Pazos, e no CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte, todo eles do Concello de Ferrol. Ademais beneficianse destes acordos os usuarios dos comedores dos CEIP A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e Do Feal, en Narón. No caso de Mugardos, o centro beneficiado é o do CEIP Unión Mugardesa, e no Concello de Muíños, o CEIP Valle Inclán.

Ao abeiro destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús de 689 comensais durante todo o curso escolar, para o que achegará máis de 138.100 euros. Pola súa banda, os concellos comprométense á elaboración dos menús escolares, a repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

De acordo coa estratexia de fomento dos hábitos alimentarios saudables que mantén a consellería, os menús deberán ser equilibrados. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

Ferramenta de conciliación

Con estes acordos a consellería contribúe á conciliación da vida familiar e laboral daquelas familias ás cales, por non seren usuarias de transporte escolar, non lles correspondería o servizo de comedor escolar subvencionado no seu centro educativo.

Ademais, a Consellería de Educación e o Concello de Santiago de Compostela asinaron un protocolo de intencións para a xestión do servizo de comedor escolar en 11 centros escolares da cidade, co fin de garantir a prestación deste servizo.

Con este acordo a Consellería e o Concello dan mostra do seu compromiso coa comunidade educativa de Santiago de Compostela, especialmente no que toca ás actuacións impulsadas a prol da conciliación entre a vida escolar a o traballo das familias da cidade.

A XUNTA INCREMENTA O ORZAMENTO NO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR A TRAVÉS DO QUE SE ATENDERÁ A MÁIS DE 300 MENORES

- ***A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 380.000 euros, o que significa un incremento de 200.000 euros, preto dun 200%, con respecto a 2011***
- ***Este aumento permitirá ampliar en máis dun centenar o número de menores atendidos a través desta iniciativa***
- ***A Xunta desenvolve este programa conxuntamente coa Fundación Meniños***
- ***Está dirixido a menores e familias nas que se dean situacións de maltrato ou desprotección***
- ***O proxecto traballa principalmente en dúas áreas: reunificación familiar e preservación familiar***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un proxecto de convenio de colaboración coa Fundación Meniños para a execución en 2012 do seu programa de integración familiar, dotado con 380.000 euros, grazas ao que se poderán atender máis de 300 nenos e nenas.

A Consellería de Traballo e Benestar incrementa en preto dun 200% a dotación destinada a este programa para o ano que vén, pasando dos 126.940 euros de 2011 aos 380.000 de 2012, o que permitirá ampliar o número de profesionais que executarán o programa (dos 12 de 2011 aos 16 de 2012) e, en consecuencia, o aumento dos menores atendidos, dos 233 de entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2011, ata os ao redor de 325 que se prevé atender en 2012 e de familias atendidas, das 126 deste período de 2011 ata as 190.

Este programa, que se desenvolve desde 1996 nas catro provincias galegas, está dirixido a menores e familias en que se dean situacións de maltrato ou desprotección que fagan recomendable a separación do neno do seu núcleo familiar co obxectivo de incorporalo á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar ou, cando sexa posible, evitar a separación.

Traballa principalmente en dúas áreas: reunificación familiar e preservación familiar. Na primeira céntrase en mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de acollida. A intervención realizarase directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar. Na área de preservación familiar o programa traballará potenciando os recursos das familias, promovendo os cambios que eviten a separación do neno do seu contorno familiar.

Así, poranse en marcha medidas concretas como a intervención psicosocial para xerar un ambiente afectivo e protector para os menores; terapia familiar, para resolver os problemas psicolóxicos, relacionais ou de conducta das persoas implicadas na

protección de nenos e nenas ao seu cargo; a educación familiar orientada a que adquiren hábitos adecuados para atender as necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e de adecuada resposta á conduta dos nenos.

O orzamento total do programa para 2012 será de 578.950 euros, dos que a Xunta achegará 380.000 e a Fundación Meniños contribuirá con 198.950 correspondentes á subvención percibida do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade con cargo ao IRPF.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O FINANCIAMENTO PARA A AMPLIACIÓN EN 41 PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL DE VALGA

- ***Deu hoxe o visto e praxe ao convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Valga con este obxectivo***
- ***Grazas a esta reforma, este centro educativo pasará de 20 prazas a un total de 61 para os nenos e nenas de 0 a 3 anos***
- ***A ampliación conta cun orzamento de 357.983 euros, que son achegados pola Xunta de Galicia; a Administración local; e o Ministerio de Educación***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Valga co fin de financiar a ampliación desta escola infantil. En concreto, grazas a esta reforma, o centro educativo verá aumentadas en 41 as súas prazas para nenos de 0 a 3 anos, ao pasar de 20 a 61.

Polo tanto, este incremento do número de prazas permitirá favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar dos veciños da zona, que verán deste xeito triplicada a oferta de prazas.

Para a creación destas novas prazas, realizáronse obras de demolición, movemento de terras, cimentacións e estrutura, cuberta, drenaxe e saneamento, albanelería, cantería, carpintería, calefacción, instalacións varias...

Esta reforma conta cun orzamento de 357.983, que son achegados pola Xunta de Galicia, o propio Concello de Valga e o Ministerio de Educación. En concreto, o Goberno local achega un total de 143.000 euros; mentres que o Goberno autonómico e o central contribúen cos máis de 214.000 euros restantes.

Esta actuación inscríbese na aposta da Xunta por poñer en marcha máis prazas de escolas infantís para nenos e nenas de 0 a 3 anos. En concreto, no que vai de lexislatura, o Goberno galego leva creado máis de 2.100 prazas. Na provincia de Pontevedra, o total de prazas creadas neste período supera as 900.

Ademais, ao longo do vindeiro ano continuará este incremento progresivo da oferta coa apertura de arredor de 1.000 novas prazas en centros 0-3 en toda a comunidade autónoma. Delas, arredor de 300 serán na provincia de Pontevedra.

MEDIO RURAL IMPULSA UNHA NOVA LEI DE CAZA DE GALICIA PARA ADAPTALA Á REALIDADE DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio do trámite do anteproxecto de Lei de caza de Galicia, por proposta da Consellería do Medio Rural***
- ***A nova normativa adáptase ás particularidades desta actividade, buscando o emprego da caza como instrumento de desenvolvemento rural***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio do trámite do anteproxecto de Lei de caza de Galicia, por proposta da Consellería do Medio Rural, para adaptala á realidade da actividade cinexética actual, onde a caza menor -maioritaria hai uns poucos anos- cedeu protagonismo á caza maior. Unha lei de calado social e ambiental, que persegue unha caza máis responsable, conxugando a sustentabilidade desta actividade en harmonía co medio natural en que se desenvolve.

Coa nova lei, a Consellería do Medio Rural busca mellorar a calidade dos instrumentos de ordenación desta actividade. Deste xeito, reformaranse aspectos que permitan facer máis clara e rigorosa a súa aplicación práctica (licenzas de caza, autorizacións, solicitudes, etc).

Neste contexto, dado que a superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80% do territorio galego, a caza cobra actualmente un singular protagonismo como ferramenta versátil que permite a adecuada xestión e necesario control de determinadas poboacións de especies silvestres en espazos definidos. O obxectivo é lograr un equilibrio ecolóxico entre o desenvolvemento desta actividade, o papel dos cazadores e os demais usuarios do monte; outorgando unha maior seguridade a este espazo de convivencia.

Por tanto, a través desta norma afóndase na seguridade da actividade cinexética, non só para os cazadores senón tamén para o conxunto de cidadáns que, dun xeito ou outro, utilizan e aproveitan os territorios do monte galego.

Cómpre remarcar que a nova lei prevé a necesidade de flexibilizar as normas para a caza de especies de caza maior no caso de xeración de danos. Así, trátase de conseguir unha distribución máis xusta da responsabilidade polos danos causados. O réxime sancionador será claro e conciso.

Antecedentes

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, aínda que modificada parcialmente pola Lei 6/2006, do 23 de outubro, non puido facer fronte ao conxunto de novas realidades que formula o exercicio da caza na actualidade. Nestes poucos anos aquela lei quedou desfasada, xa que o medio experimentou un cambio substancial e con el a propia actividade cinexética. Actualmente faise necesaria unha lei nova, que non só mellore a anterior senón que ademais saiba adaptarse á realidade.

Galicia experimentou diversos cambios nas estruturas familiares agrarias, tanto no modo de producir coma nos cultivos agrícolas e forestais. Estes cambios mudaron dun modo substancial os compoñentes do territorio e, polo tanto, as condicións dos hábitats, que derivaron no incremento das poboacións dalgunhas especies, en detrimento doutras.

Ademais diso, a caza móstrase como un instrumento de grande interese para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio, non só pola entidade dos recursos que promove, que poden ser moi elevados, senón porque o fai nun medio social en que resulta especialmente interesante crear riqueza, dadas as poucas alternativas produtivas, e pode poñer freo así ao despoboamento da poboación rural.

Outras novidades

Outro punto que hai que destacar con esta lei é a creación dunha figura nova, o *Fondo de Corresponsabilidade*, expresiva da solidariedade na repartición das cargas derivadas polos danos que causan as especies cinexéticas. Neste reparto compre nomear a Administración, os tecores (terreos cinexeticamente ordenados) e a cidadanía en xeral. Deste xeito, adquire unha significación especial a problemática que provocan os danos que causan as especies silvestres, non só no ámbito agrario senón tamén no da circulación viaria.

Coa nova reforma, incídese dun xeito destacado na regulación de explotacións cinexéticas como instrumento de desenvolvemento rural. Estas son chamadas a ser un mecanismo dinamizador da economía rural, co compoñente empresarial que busca na rendibilización dos recursos da caza un medio para o impulso económico do medio rural.

Mellora da oferta cinexética

Nestes últimos anos fíxose un considerable esforzo para incrementar a calidade da nosa caza e para mellorar os seus hábitats. Afondouse no coñecemento e seguimento de varias especies e identificáronse os patróns xenéticos das especies cinexéticas autóctonas, co fin de mellorar as poboacións e con ela a oferta da nosa comunidade.